

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 01/10/2020 12:01:50


SAIDA 11203/20




Reclamante: 
Expediente. Nº RSCTG 71/2020

Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por  mediante escrito do 10 de xullo de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 29 de setembro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 10 de xullo de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información ante Deputación de Lugo, sobre a liña de subvención e condicións para o outorgamento dunha subvención directa de carácter excepcional consonte ao plan estratéxico de subvencións 2017-2019 á Asociación de Amizade e Solidariedade de Láncara con Cuba e informes anuais semestrais e plans de auditoría desde o ano 2018 sobre a execución da subvención polo beneficiario.

O reclamante indicaba que non obtivo resposta á súa solicitude.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 14 de xullo de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Deputación Provincial de Lugo para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 17 de xullo de 2020.

Terceiro. Con data do 30 de xullo de 2020 a Deputación Provincial de Lugo contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación, trasladouse ao interesado escrito asinado do 3 de xullo de 2020, con rexistro de saída do 8 de xullo de 2020 onde consta a información solicita.

No devandito informe consta a información solicitada polo interesado agás o relativo ao acceso aos informes anuais, semestrais e plans de auditoría dende o ano 2018 ata a actualidade sobre a súa execución, dado que non se realizan plans de auditoría.

Indican que aínda que o citado escrito/informe foi emitido fóra do límite fixado pola normativa de referencia, cúmprese coa obriga de resolver establecida no artigo 21.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.



Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Deputación Provincial de Lugo non resolveu a solicitude de acceso á información dentro do prazo dun mes que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016, polo que debe admitirse a reclamación presentada.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou unha información que, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 1/2016, debe considerarse información pública por canto se trata de contidos e documentos elaborados ou adquiridos pola Deputación Provincial no exorcizo das súas funcións.

A Deputación Provincial, se ben fóra do prazo establecido polo artigo 27.4 da citada Lei, e polas distorsións nos traballos administrativos que ocasionou a situación de estado de alarma, resolveu a solicitude de acceso á información, proporcionando unha parte da información solicitada, e comunicando ao interesado que non se lle remiten informes e plans de auditoría sobre a súa execución, dado que non se realizan os ditos plans.

De acordo co anterior, e por considerarse que a Deputación Provincial resolveu a solicitude de acceso á información, aínda que fóra do prazo previsto na normativa, procede a estimación da reclamación presentada por motivos formais, lembrando á Deputación Provincial que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaición de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Única: Estimar por motivos formais a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 10 de xullo de 2020, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información ante Deputación de Lugo, sobre a liña de subvención e condicións para o outorgamento dunha subvención directa de carácter excepcional consonte ao plan estratéxico de subvencións 2017-2019 á Asociación de Amizade e Solidariedade de Láncara con Cuba e informes anuais semestrais e plans de auditoría desde o ano 2018 sobre a execución da subvención polo beneficiario.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:

S6500009C)

Fecha: 2020.10.01 09:31:01 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.